PROCURAREI o rizoma, o labirinto, a interconexión, a múltiple

ollada sobre os corpos, a cousificación, a ambigüidade, as

follas de eucalipto

sobre os mirtos, as raíces recuperadas, as historias ennobeladas,

os retomares da terra, dos grans dispersos, da desolación;

procurarei a tenrura

baixo os labios cortados, so nevadas ariscas, dédalos ausentes;

procurarei o medo, os tobos

da alimaria, os dentes das restras

dos allos milenarios, a rugosidade, a torta, a dozura

do arroz, a carapuchiña vermella, a ratiña gris;

e son unha chave

sobre o tempo, a bota do ogro, as sete leguas, os cabritiños perdidos,

o raizame do pobo, o hipertexto, o patriarcado desfeito,

a sémola de arroz;

e procuro as horas, o remanso aparente, os mundos paralelos, o reloxo sereno,

a sala de lisboa;

e son arca grande, hucha de esperanza,

the gold box, caixa de pandora;

e son chuspe sobre o lume, presada de terra, morea

de sal, *luminoso abatemento;*

e rebento as espullas

das meigas aldraxadas, os remendos de Oz,

os nove zapatos, princesas de cervos, revolucións

de ocasos;

e procuro a estrela

tendida sobre o tempo, a bandeira queimada,

a fogueira das sobras, os refugallos enteiros;

e son rumor, pasos afastados, unllas despistadas, retallos de tedio;

e son tarde de domingo, queixón de sorpresas, sábado radiante, colchas de recordos,

réditos infames;

e xa volve o avó, os zapatos grandes, a escuma de afeitar, o after shave, a menta

sobre as rodas, os rodicios apaixonados, a recolleita dos cogomelos, o gato con botas,

os dolmens antigos; e son pedra fincada

no camiño, e baixo ós subterráneos, e procuro o rizoma,

a tobeira de Alicia,

o caramelo de anís.

PROCUREMOS as fronteiras, a ambigüidade, os medios tempos,

as mesturas exquisitas, a plurisignificación, os recolectos;

procuremos os campos, as roturas das teas, as sucidades grandiosas, o aceite e mais a

auga, os extremos, antagonismos, estepas abarcables, leitos

desecados, os hüsker düs, os congros derramados, laídos resesos, ramificacións

estrañas;

procuremos as liñas, a desnivelación, as achegas, os encontros, as xornadas, os zapatos;

procuremos os pés, enlacemos as mans, enxertemos

as palabras, as linguaxes secretas,

os ruídos, as ramaxes;

procuremos os límites

e desfagámolos, e esmiucemos o eucalipto, e tripemos o aroma; e sexamos ewoks.

FRAGMENTARIEDADE CONCEPTUAL

I

APARECICHES entre as máscaras vexetais, e eras

como gnomo desorientado; pero non te amei; e logo tornácheste

punto salpicado no camiño; e xa fuches constante

nunha fastosidade de ouropel; pero eras demasiado

príncipe egoísta, ou iso semellabas; e resultabas fatuo e mais baldeiro;

mais un día olleite

como columna grega (coroando a tenrura máis

doce de félix, félix, félix....); e souben que

existías, alí, alí, como a estrela de David,

como a estrela de Xesús.

II

E ERA Nadal, e levabamos zapatos
vermellos; e os sumidoiros exhalaban un intenso
recendo a incenso; e, aínda que había
chapas e Doutor Whos, e cinto de chatolas,
eu olleite, porque te tornaches labirinto, e
tenrura tan sublime
como colcha de veludo
cálido.
E fuches por un intre las maravillas in my life, e
espazo bretemoso, serpe underground, elegancia
extrema, delgadeza perenne.
E, daquela, souben
que no verán
habías de volver.

III

VOLVICHES; e veu a arca de ouropel, o

príncipe feliz

suplantou ó egoísta, e fuches dozura, caixa de galletas, gato aveludado;

pero baixabas ós subterráneos e devecín

por blusa violeta, reivindicación de fastío;

e fuches cume, pero tamén o máis fondo; e espazo

montañoso, e ourizo cacho, e biscoito reseso,

e logo nacíanche

gromos; e foi a vaga de calidez, a corrente fastosa e humilde, e plumas de faisán,

martes de carnaval; e logo a intensidade máis

perpetua, cartas á leda monxa, hucha de cristal,

felicidade plena, paxaro capturado; e tirapuxa; arriba e abaixo; preamar e baixamar,

marés incesantes e inesgotables; e platonismo difuso;

e sempre un comezar perenne, que ilumina e refrea, e vén e vai; vaivén;

bypass; e aparece Jeanette, No digas nada, Cuando estoy con él, Te esperaré; e somos os

The Long Blondes ocioseando co amor; e

pola mañá

nácenme estrelas luminosas

ou escuras, unha de cada vez; e aparece

iconografía cristiá; e escuridade mística;

pero todo vén, e todo vai; e chega un

momento

en que non recoñezo

as uñas das túas mans.

ENVOI

PORQUE sempre volvemos ás bólas de anís, á interconexión, ó labirinto,

á ambigüidade;

porque Alicia

posúe zapatos vermellos

e derramados, e somos dous, e un, e o tempo

desennobela as historias, e white rabbits, malentendidos inútiles, estúpidas

rilladuras de dentes, e aparicións e dedos, e loucuras amargas,

e tobeiras tolas, e some velvet morning, e dor, e dor e dor...;

e as agullas da calceta, os gatos nas cestas, oitenterismos amábeis

e luminosos, e regadeiras verdes, petos dos recordos, mandilóns a raias,

chuvia de primavera, calidez do sorriso;

e somos dous, nunca tres, aínda

neste raizame

de labirintos, porque eu que sei; porque somos cervos, e repetimos

todo o que queremos, e cando nos vemos sorrimos e de repente

aparece unha nebulosa

marabillosa, tan intensa, tan intenso resplandor (fulgor de edelwais,

utopía transparente, xardín exquisito, fentos vizosos, enredadeiras

mestas); pero temos medo, aínda nos temos medo,

porque que difícil non desconfiar

dese ser tan terríbel

que acaricia as xemas (refulxir da presenza)

e que pincha

con agullas afiadas

cando non olla para nós; porque agroman os gatos

nos finais da tarde, nas dozuras anisadas, nos fiúnchos

desfavorecidos, nas fiestras abertas, nas laranxas doces;

porque como nos queremos, como nos queremos,

e que difícil

perdernos, aínda que intentemos

tremendos buratos negros

para aniquilar o noso amor; porque es idiota, e constrúes

preciosas historias inverosímiles, marabillosas, onde nada é tanxíbel, e todo é tan

intenso

e verdadeiro; porque

existen os gatos

con pezuños de veludo, e orelliñas mornas, e adormecen

entre nós; porque canto nos amamos, e vou onda ti,

gabeo onda ti

(escada suavísima, torre de almafí

branca),

e ficas sen durmir; todo por min; con

luvas

marabillosas; e vés correndo; e ámasme

en labaradas inquietantes; e devorámonos

entre os elefantes, elefantes, elefantes, no teu peto, na

miña man; e as bocas

precisan bicarse; e enfádaste, e necesito tanxibilidade,

alimento de cereal

na transparencia,

centro

no labirinto.